

**1-2 OUT.
XURÉS**

**Día Internacional da
Educación Social 2022**

CONVIVENCIA

Interuniversitaria e Profesional da

Educación Social

PROGRAMA

#XURÉS2022 #DIES2022

PROGRAMA

PRESENTACIÓN

A **Convivencia Interuniversitaria e Profesional da Educación Social** na Serra do Xurés pretende crear lazos e dinámicas de relación entre profesionais e estudantes de territorios tan próximos como Galicia, Asturias e Portugal, servindo como punto de encontro e para a visibilidade da profesión. Isto farase a través dun programa de actividades nas que tamén terán un papel importante os axentes locais e a veciñanza.

A convivencia contará cun intenso programa de actividades formativas, culturais e lúdicas, que facilitarán o intercambio de coñecementos interxeracionais, a reivindicación do papel da muller na sociedade rural galega, a sensibilización no respecto á diversidade, e a posta en valor do comunitarismo rural entre mocidade.

A elección dun núcleo de alta montaña para este fin aséntase na idea de achegar ao alumnado universitario os valores sociais, etnográficos, naturais e culturais do rural raiano do sur de Ourense.

A data tampouco é casualidade, pois este encontro servirá como celebración do **Día Internacional da Educación Social**, que se celebra cada ano o día 2 de outubro.

Serán dous días de creación de redes, de intercambio de coñecementos e tamén de lecer e esparcemento nun marco natural inmellorable.

1 DE OUTUBRO

11:00-11:30

Encontro de participantes.

Diante do Edificio Multiusos de Lobios.

Seminario Internacional de Educación Social.

As palestras terán lugar no Edificio Multiusos e os obradoiros no CEIP de Lobios.

11:30-12:30

Actividades simultáneas:

Palestra: Acompañamento socioeducativo e vulnerabilidades: retos para a Educación Social.

- **Laura Varela Crespo.** Universidade de Santiago.
- **Laura Cruz López.** Universidade da Coruña.
- **Susana Fonseca.** Escola Superior de Educaçao de Viseu.
- **Sílvia Azevedo.** Associação dos Profissionais Técnicos Superiores de Educaçao Social

Modera: **M. Carmen Morán de Castro** (Universidade de Santiago)

Obradoiro: Acompañamento socioeducativo con adolescencia en medio aberto.

Dinamizado por **Félix Estévez García** (Educador social)

Presenta: **Edgar Campos Correia** (Universidade de Vigo).

Obradoiro: Mirada filiativa en acompañamento socioeducativo.

Dinamizado por **Pilar Ramallal Fernández** (Educadora social do Sistema de protección á infancia)

Presenta: **Paula Xavier** (Escola Superior de Educaçao de Viseu)

Obradoiro: A atención xerontagóxica centrada na persoa.

Esther Pérez Enríquez (Docente da Universidade de Vigo e integrante do Geix)

Presenta: **Lia Araujo** (Escola Superior de Educaçao de Viseu)

Obradoiro: Patrimonio e xogos populares.

Dinamizado por **Bruno Ferreira** (APTSES, ISEC Lisboa)

12:45-13:45

Actividades simultáneas:

Palestra: Perspectivas e experiencias de educación e dinamización socioeducativa.

- “A experiencia de Rebulir”. **Alexandre Sotelino** (Universidade de Santiago)
- “Projetos de educaçao não formal na dinamizaçao local”. **Maria José Araújo** (Escola Superior de Educaçao do Politécnico do Porto)
- “A experiencia de intervención en saúde mental no medio rural”. **Félix Alonso Gómez** (Prospector laboral en FEAFES)
- “Sende. Un proxecto de Educación Social na Serra do Leboreiro”. **María Rodríguez** (Fundadora de Sende)

Moderada: **María Dolores Dapía Conde** (Universidade de Vigo)

Obradoiro: Perspectiva Queer en Educación Social.

Dinamizado por **María Victoria Carrera Fernández e Nazaret Blanco Pardo** (Universidade de Vigo)

Obradoiro: Xeragoxía: dinámicas e propostas.

Dinamizado por **Vanda Rodrigues** (APTSES, Viseu Social)

Presenta: **Maritza Quintinha** (Associaçao Quinta do Resende)

Obradoiro: Servizos de Educación e Apoio Familiar.

Dinamizado por **Sonia González Rodríguez** (Educadora social en servizos sociais comunitarios e integrante de aBeira)

Presenta: **María João Amante** (Escola Superior de Educaçao de Viseu)

14:00-14:30

Peche do Seminario polas autoridades.

M. Carmen Yáñez. Alcaldesa do Concello de Lobios.

Sonia González Rodríguez. Presidenta do Ceesg.

Fátima Correia. Vicepresidenta de APTSES.

Xosé Manuel Cid Fernández. Decano da Facultade de Educación e Traballo Social do Campus de Ourense (Universidade de Vigo).

Luz Doporto Real. Deputada de Igualdade e Reto Demográfico. Deputación de Ourense.

Arturo Parrado Puente. Director Xeral de Inclusión Social. Consellería de Política Social.

14:30-17:00

Xantar e traslado á parroquia de Grou.

Todas as actividades da tarde terán lugar nunha carpa instalada na explanada na parroquia de Grou ([ver localización](#))

17:00-19:00

Feira da Educación Social.

Entidades participantes:

Arelas

Innova Consultoría, Formación y Proyectos.

Outonía S. Coop.

TactoConTacto

17:00-17:30

Entrega de premios do 8º Concurso TFG.eduso, de traballos de fin de grao de Educación Social.

Categoría Educación social estendida: **Os tempos de ocio en mozas e mozos en situación de vulnerabilidade.**

Autora: **María Aguión Lamas.** Traballo titorizado por Belén Caballo Villar (Universidade de Santiago).

Categoría Educación social escondida: **Ser muller en prisión: unha mirada dende as profesionais.**

Autora: **Uxía Hadaly Romero Bouzas.** Traballo titorizado por Laura Cruz López (Universidade da Coruña)

17:30-18:00

Presentación de diferentes publicacións:

- **Manual de Boas prácticas no envelhecimento. Intervenção en tempos de pandemia.** APTSES.
- **Son de Fiar.** Grupo de traballo Fiadeiras do Ceesg.

- **Revista Galega de Educación nº 82.** Grupo de traballo de Animación Sociocultural e Xestión Cultural do Ceesg.
-

18:00

Lectura do Manifesto DIES 2022.

18:00-19:00

Espazo etnográfico.

Xogos populares. Dinamizados por Lito Prado Rodríguez (Centro de cultura popular Xaquín Lorenzo Xocas).

Presenta: Iván García García (Universidade de Santiago, Membro do Grupo de Animación e Xestión Cultural do Ceesg)

Tracción animal, a cargo de David Outeiro (CITRAN).

Entroidos do Xurés: Follateiros, Cabreiros, Carantoños...

19:00-20:30

Magosto popular de convivencia.

Organizado por asociacións da zona.

20:30-21:30

Espazo violeta. Voces edusas en homenaxe á muller rural.

Proxección “Bravas do Xurés”.

Actuacións musicais de varias educadoras sociais: Selene Casal, Alicia González (Andasoa), Sara Álvarez.

Acto presentado por Félix Estévez García.

21:30-1:00

Xurés Son.

Festival Musical e Cultural, organizado por asociacións da zona na que actuarán:

- **Banda da Garda.**
- **The Nunzias.**

Espazo DJ. Dentro deste espazo o alumnado de Educación Social preparará unha tracklist de música diversa e respectuosa con todas as diversidades, demostrando que podemos divertirnos sen estigmatizar nin cousificar.

2 DE OUTUBRO

9:00-11:00 **Almorzo nos bares da zona (Lobios).**

11:00-13:00 **Roteiros guiados a lugares de interese do Parque Natural Baixa Limia Serra do Xurés.**

Punto de encontro: diante do Edificio Multiusos de Lobios.

13:00-13:30 **Conclusións da convivencia.**

13:30-15:00 **Xantar.**

15:00 **Fin da convivencia.**

Os autobuses de cada Facultade / Escola regresarán ás localidades de orixe.

COTAS DE INSCRICIÓN

TODAS AS COTAS INCLÚEN:

- **Seminario Internacional da Educación Social**
- **Pernocta en pavillón** (para quen o solicite)
- **Roteiro guiado** (para quen o solicite, prazas limitadas)
- **Actividades do sábado á tarde** (entrada libre a calquera persoa que queira participar, excepto para o magosto que é necesaria inscrición)
- **Festival de música** (entrada libre)

Tipo de inscrición	Comidas incluídas	Prezo ata 15/09	Prezo dende 16/09
1	Xantar do sábado, magosto, almorzo e xantar do domingo	40 €	60 €
2	Xantar do sábado, magosto	25 €	30 €
3	Magosto	10 €	15 €

A ingresar na conta de Banco Sabadell ES41-0081-0499-6100-0104-6708.

Data límite de inscricións: **23 de setembro.**

ORGANIZA



COLABORAN

